

PREGUNTA DE AER SOBRE TERREOS DE RENFE/ADIF

PLENO 25 OUTUBRO 2012. ACTA 17/2012

Hai máis dun ano aprobouse unha moción presentada por AER na que, entre os seus puntos, pedíase a RENFE/ADIF a cesión ao Concello de varios terreos que posúen nas distintas parroquias, terreos fora de uso, para adicalos por exemplo, a espazos de lecer, así como unha limpeza dos mesmos.

Nun destes terreos, no mes de maio o Concello colgou un bando municipal ameazando de multa de entre 300 e 6.000 € aos propietarios dese terreo, polas lamentables condicións nas que se atopaba. 5 meses despois o terreo atópase en peores condicións, así que supoñemos que xa procederon a multar. Visto o anterior, **preguntamos:**

A canto ascendeu a multa?.

Que avances levan feitos tras máis dun ano na concesión destes terreos?.

O concelleiro Pazos Couñgo resposta que falou con ADIF para localizar os terreos e proceder á súa limpeza.